

IDENTIFICACIÓN MEDIANTE DNI

O DNI é o único documento con suficiente valor por si só para a acreditación, a todos os efectos, da identidade e os datos persoais do seu titular. Como tal, é habitual pedilo para **comprobar a identidade** de quen fai unha solicitude ou desexa realizar algún trámite coa Administración.

Precisamente por ese carácter identificador, a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) advirte de que a **información** que contén o DNI debe ser considerada **especialmente sensible**, xa que pode ser utilizada para suplantar a identidade dunha persoa.

Se no desempeño do teu traballo precisas examinar un DNI para comprobar unha identidade ou os datos asociados, debes ter en conta que:



A mera consulta do DNI é **suficiente** para verificar a identidade dunha persoa e podes solicitala en calquera proceso que requira da identificación *'in situ'* da persoa solicitante.



No caso de que sexa preciso que a identificación quede incorporada á documentación dun trámite ou expediente, pódese recorrer ao [Nodo de interoperabilidade de Galicia - pasaXe!](#) (as condicións para poder acceder ao servizo están descritas na ligazón).



Arquivar e manter a **copia dun DNI**, tanto en papel como en formato electrónico, ten que ser algo **excepcional** que, segundo a lexislación vixente desde 2006, debe estar **claramente xustificado** desde o punto de vista da protección de datos persoais. O **responsable do tratamento** debe avaliar a necesidade de dispor e de conservar dita copia, solicitando o asesoramento do **Delegado de Protección de Datos** da entidade. Tamén deberán quedar claras as medidas de protección para esas copias que se van gardar e cando e como serán **borradas** ou **destruídas***.

En caso de dúbida, consulta sempre co **Delegado de Protección de Datos** da entidade na que prestas servizo.

*Podes consultar as medidas de seguridade que se deben cumprir cando se traballa con documentación en papel na seguinte ligazón: <https://ciberseguridadegalicia.gal/gl/recursos/multimedia/lembrate-do-papel>

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal